

BASES DA 1ª EDICIÓN DO CERTAME DE CREACIÓN DE CANCIÓN POPULAR “ACORUÑASON”

DEFINICIÓN DO CERTAME

ACoruñaSon é un certame de creación de canción popular organizado polas concellarías de Cultura e de Mocidade do Concello da Coruña. Este certame, que ten como obxectivo fomentar, descubrir e promover a novos autores e autoras de canción popular en galego, ábrese coa selección de dez autores. Os dez terán como premio a asistencia a un obradoiro de canción popular dunha semana de duración impartido por Santiago Auserón, primeira figura da creación, a interpretación e o estudo da música popular peninsular, onde traballarán as súas propias composicións. A actividade final do obradoiro será a gravación dun disco colectivo durante un concerto ao que serán convidados representantes de todos os sectores da industria musical galega.

Os autores que non foren seleccionados entre os dez participantes do obradoiro, así como outras persoas interesadas en asistir ao Obradoiro de Canción Popular que será impartido por Santiago Auserón do 24 ao 28 de marzo na Coruña, teñen a posibilidade de se matricularen en calidade de alumnos oíntes. Para formalizaren a matrícula, deberán seguir o proceso que se indicará proximamente na web do certame <http://acorunason.eu>

Este certame réxese polas bases que se establecen a continuación.

PARTICIPACIÓN

Poderán participar, segundo o que recollen as presentes bases, todas aquelas persoas físicas, autoras de canción popular en galego, que sexan usuarios rexistrados de <http://acorunason.eu>

Os participantes deben ter a certeza de que os contratos discográficos, editoriais e/ou de representación artística ou calquera outros a que poidan estar suxeitos non supoñen unha limitación á difusión que se realizará das maquetas nin á gravación do disco colectivo ou que limiten os dereitos de uso de imaxe dos participantes.

INSCRICIÓN

Usuarios

Todas aquelas persoas que desexen participar para votar, comentar, etc. e reúnan os requisitos necesarios deberán rexistrarse en <http://acorunason.eu> co formulario de inscrición do certame.

Formulario Inscrición Usuarios

Para poder participar, é necesario cubrir o formulario cos seguintes datos:

- nick
- provincia
- código postal
- correo electrónico.

Ao participares, estás a aceptar todas as bases. Os datos facilitados serán almacenados nunha base de datos propiedade do Concello da Coruña, coa finalidade de utilizalos nas distintas modalidades da promoción. Nos casos que dispoñen as bases, os teus datos poderán ser dados a coñecer total ou parcialmente. O Concello da Coruña tratará estes datos cumprindo o estipulado na Lei orgánica de protección de datos (LOPD) 15/1999 e na demais normativa en desenvolvemento.

Así mesmo, dágnos o teu consentimento inequívoco para podermos enviarche no futuro informacións de interese similares ás desta promoción, a través do teu enderezo de correo electrónico. Se o desexas, podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ao tratamento enviándonos un correo electrónico a cultura@coruna.es

PARTICIPANTES

Autores e autoras

Todos/as aqueles/as autores/as que queiran participar no certame ACoruñaSon e reúnan os requisitos expostos deberán rexistrarse e enviar a/s súa/s maqueta/s en formato de vídeo e/ou MP3 a través da web <http://acorunason.eu> xunto co formulario de inscrición no certame.

Formulario Inscrición de Autores/as

Para poder participar, é necesario, ao mesmo tempo que se envía a maqueta, cubrir o formulario cos seguintes datos:

- nome do/a autor/a
- tipo de música
- título da obra presentada
- provincia
- código postal
- letra da obra presentada**
- teléfono e enderezo de correo electrónico de contacto
- foto do/a autor/a en formato jpeg/jpg, cun peso máximo de 2 MB por foto.

Os usuarios poderán ver e escoitar libremente as maquetas de todos os autores inscritos no certame.

Ao participares no portal <http://acorunason.eu>, estás a aceptar todas as bases do certame. Os datos facilitados serán almacenados nunha base de datos propiedade do Concello da Coruña, coa finalidade de utilízalos nas distintas modalidades da promoción. Nos casos que dispoñen as bases, os teus datos poderán ser dados a coñecer total ou parcialmente. O Concello da Coruña tratará estes datos cumprindo o estipulado na LOPD 15/1999 e na demais normativa en desenvolvemento.

Así mesmo, dágnos o teu consentimento inequívoco para podermos enviarche no futuro informacións de interese similares ás desta promoción, mediante o correo electrónico. Se o prefires, podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ao tratamento enviándonos un correo electrónico a cultura@coruna.es

Requisitos das maquetas

O/a autor/a concursante deberá reunir na mesma persoa a condición de artista/intérprete e autor da gravación/obra musical (denominada maqueta) presentada ao concurso, aínda que poida estar acompañado na interpretación por outros músicos, que en ningún caso se considerará que participan como concursantes.

Cada autor pode participar cun máximo de cinco cancións.

As maquetas deberán ser da propia autoría do/a autor/a concursante, orixinais, non divulgadas anteriormente nin suxeitas a limitacións e/ou obrigas contractuais previas de ningún tipo.

O certame non se responsabiliza da autoría das composicións; os concursantes serán os únicos responsábeis legais da autenticidade da súa autoría e do seu contido.

As maquetas están abertas a calquera estilo dentro dos límites da música popular: pop, rock, electrónica, folk, jazz, canción de autor, etc.

Serán excluídos do concurso os plaxios declarados ou temas con letras de contido xenófobo, racista ou que fagan apoloxía da violencia. Resérvase o dereito a excluír do certame a todos aqueles temas que vulneren o presente requisito a xuízo razoábel da organización.

Requisitos técnicos

Peso dos arquivos: cada maqueta non deberá superar os 30 MB no caso dos vídeos nin os 8 MB no caso dos MP3.

DESENVOLVEMENTO DO CERTAME E PREMIOS

Do 18 de xaneiro 2008 ao 5 de marzo de 2008, poderán rexistrarse usuarios/as tanto para participaren no concurso como para votaren as maquetas participantes. Cada usuario/a rexistrado/a pode votar por tantas cancións como desexe mais o sistema só aceptará un voto para cada canción desde cada IP.

Votación de maquetas

Só poderán participar nas votacións aquelas persoas usuarias rexistradas na web do certame.

Considérase que un voto é válido unha vez que se reciba na pantalla da páxina web unha mensaxe de voto válido.

Poderase valorar cada maqueta de unha a cinco estrelas, o que equivale a un, dous, tres, catro e cinco puntos.

O sistema permite deixar comentarios ás cancións, sempre realizados en ton de respecto polos demais.

Dereitos das maquetas

Os dereitos sobre as maquetas sempre estarán en poder do/a autor/a. O certame só está autorizado a reproducilas, a través da propia web do certame ou noutros medios de comunicación asociados, con fins única e exclusivamente promocionais do certame.

Con esta finalidade, os/as autores/as recoñecen, ao aceptaren estas bases, a cesión non exclusiva e sen máis límites que os derivados imperativamente da lei, de todos os dereitos de propiedade intelectual sobre a maqueta cos fins establecidos nestas bases.

Autores/as gañadores/as

Os votos das persoas usuarias (ver o apartado Votación de maquetas) escollerán unha preselección de 30 cancións. A selección definitiva dos/as 10 autores/as gañadores/as (cada un/unha cunha soa canción) virá da man do director do obradoiro, Santiago Auserón, quen poderá repescar de forma excepcional algún dos outros non incluídos na selección de cancións dos/as usuarios/as, de modo que se garanta a variedade de estilos no obradoiro. A selección final seralles dada a coñecer o día 10 de marzo de 2008 a través da web do certame e directamente por correo electrónico aos candidatos e candidatas.

Consideraranse cancións preseleccionadas as que obteñan as maiores puntuacións da media ponderada de votos de 1, 2, 3, 4 e 5 estrelas (cada estrela vale un punto e multiplícase polo número de votos). En caso de empate no último posto, incluíranse na preselección todas as cancións que coincidan coa mesma puntuación, polo que o número de cancións preseleccionadas será de 29 e mais as seguintes que coincidan coa mesma puntuación.

Os/as autores/as poderán enviar até 5 maquetas durante o prazo estipulado para o concurso.

A organización contactará cos/coas gañadores/as a través do correo electrónico ou do móbil. Se ao termo de cinco días, non se localizase a algún deles, o premio pasaría ao/á seguinte autor/a premiado/a.

Os/as 10 autores/as saídos da selección final recibirán como premio:

- Asistencia a un obradoiro de canción popular dunha semana de duración impartido por Santiago Auserón, primeira figura da creación, a interpretación e o estudo da música popular peninsular, onde traballarán as súas propias composicións.
- Gravación dun disco colectivo.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

O certame resérvase o dereito de mudar as datas establecidas nestas bases. En calquera caso, todas as datas e os detalles do concurso serán comunicados oportunamente e coa debida antelación a través da web <http://acorunason.eu>

A participación no certame supón a aceptación destas bases. O seu incumprimento dará lugar á exclusión das inscricións que non reúnan as condicións establecidas.

Os premios non poderán ser en ningún caso trocados por outro tipo de premio nin polo equivalente do seu valor en efectivo.

O dereito das persoas gañadoras a obterem o premio non será transferíbel a terceiros.

Para calquera dúbida, cuestión ou aclaración sobre o concurso, os participantes poderán dirixirse ao seguinte enderezo de correo electrónico: cultura@coruna.es